



GUÍA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO PARA A XUVENTUDE NO MEDIO RURAL



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude

www.marinasbetanzos.org/p/emprego.html

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS	5
<i>SECTOR AGROALIMENTARIO</i>	
2. PANADERÍA E REPOSTERÍA ECOLÓXICA	6
3. ELABORACIÓN DE MARMELADAS E CONSERVAS VEXETAIS ECOLÓXICAS	11
4. COMERCIO POLO MIÚDO DE PRODUTOS ECOLÓXICOS	16
5. EXPLOTACIÓN DE MAZÁ PARA SIDRA	21
6. XESTIÓN DE HORTOS URBÁNS	25
<i>ENERXÍAS RENOVABLES</i>	
7. INSTALACIÓNS DE CALDEIRAS DE BIOMASA	29
8. SERVIZOS DE CONSULTORÍA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA	33
<i>XESTIÒN DE RESIDUOS</i>	
9. PRODUCCIÓN DE VERMICOMPOST	37
<i>SERVIZOS</i>	
10. SERVIZOS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA	41
<i>XESTIÒN FORESTAL</i>	
11. XESTIÓN DE RESIDUOS FORESTAIS	45
<i>TURISMO</i>	
12. SERVIZOS DE TURISMO ACTIVO DE NATUREZA	49

1

INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

A Asociación “Mariñas-Betanzos” constitúese no ano 2008 coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación. É unha asociación de segundo grado, formada por 125 entidades territoriais, institucionais, sociais, económicas. Un dos principios metodolóxicos que rexe a súa actividade é a participación e o traballo conxunto dos axentes locais implicados, prestando especial atención, entre outros, aos mozos e mozas, posibilitando o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación, así como o desenvolvemento socioeconómico.

O territorio de “Mariñas – Betanzos” está localizado ao noroeste de Galicia. Ten unha extensión de 903,1 km², correspondente aos municipios de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.

Un fenómeno que xera grande preocupación no territorio de “Mariñas - Betanzos” é a baixa natalidade e o abandono das persoas máis novas, sobre todo das zonas rurais do territorio, tendencia que pode comprometer o futuro desenvolvemento económico e social, especialmente nos concellos máis rurais.

Analizando a situación económico-laboral da mocidade de “Mariñas – Betanzos” en canto a persoas desempregadas, segundo datos recollidos do Servizo Estatal de Emprego, o tramo de idade máis afectado é o de 25 a 44 anos, ocupando un 53,32%, seguido dos maiores de 45 anos (37,87%) e dos menores de 25 anos (8,81%)

Destacar que no territorio estase producindo un progresivo abandono de terras agrarias e forestais, ao que hai que engadir unha acusada recesión das principais actividades económicas con maior peso na comarca de “Mariñas–Betanzos”, coma son o sector téxtil–confección, a construción ou mesmo o servizos.

Por outra banda, a Asociación “Mariñas – Betanzos” ven de presentar ante a UNESCO a candidatura a Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, como extratexia para impulsar o desenvolvemento socioeconómico sostible, a xeración de emprego e a conservación ambiental.

OBXECTIVOS DA GUÍA

- Difundir distintas oportunidades de emprego entre as mozas e mozos deste territorio.
- Fomentar o emprego respectuoso co medio ambiente que poña en valor os recursos propios do territorio como un dos piares fundamentais do crecemento económico sostible, en especial no período de crise global (económica, medioambiental, enerxética, laboral, etc.) que vivimos na actualidade.
- Apoiar proxectos que poñan en marcha procesos de cambio relacionados co medio ambiente e a sostibilidade, así como promover e mellorar o emprego en xeral, e o emprego verde en particular.
- Identificar os usos e aproveitamentos tradicionais da terra coma unha nova alternativa á xuventude en situación de desemprego (agricultura ecolóxica, explotacións forestais, aproveitamento da biomasa, xestión de espazos naturais, etc.).

*Guía de oportunidades de
emprego para a xuventude no
medio rural*

2

PANADERÍA E REPOSTERÍA ECOLÓXICA



PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinasbetanzos.org/p/emprego.html

2.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

Esta actividade consiste no desenvolvemento de pequenos obradoiros de panadería e repostería ecolóxica. Os produtos elaborados teñen unha importante compoñente artesán e tradicional.

Un aspecto importante para a posta en marcha desta actividade, é acadar acordos e complementariedades con produtores agrarios locais que poden subministrar as materias primas.

2.2. SECTOR

Esta actividade enmarcaríase no sector da alimentación, e máis especificamente no da elaboración tradicional de alimentos ecolóxicos. Os rasgos diferenciadores deste subsector son:

- Elaboración de produtos sans, naturais, sen aditivos e tradicionais.
- Utilización de materias primas de primeira calidade e sometidas a un óptimo proceso de selección.
- Unha presentación coidada dos produtos, así como un proceso de elaboración que respecte ou imite os procesos naturais.
- Aínda que a produción ecolóxica está a incrementarse nos últimos anos, o número de elaboradores e transformadores de produtos hortofrutícolas en Galicia é bastante baixo; na actualidade tan só están inscritos nove elaboradores no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Posibilidade de artellar visitas agroturísticas.

2.3. MELLORAS AMBIENTAIS

A elaboración e transformación de produtos agroalimentarios, baixo o paraugas da Agricultura Ecolóxica, supón importantes melloras ambientais debido principalmente a:

- Producción agraria sen utilización de fitoquímicos.
- Recuperación de variedades hortofrutícolas locais, como estratexia de diferenciación.
- Utilización responsable do recurso auga, no proceso produtivo.
- Conservación e recuperación da paisaxe agraria.
- Uso de enerxías renovables.
- Revitalización do medio rural.

2.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Edificacións:** local para oficina, obradoiro de panadería e repostería, almacén, aseos e zona de exposición e venda ao público.
- **Equipamento e maquinaria:** forno, amasadora, batidora, carros de bandexas, bandexas, vitrina expositora e mesas de traballo.
- **Material de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.
- **Elementos de transporte:** Furgoneta.

2.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Serán necesarios alomenos dous traballadores:

- Un responsable da xestión da empresa e atención aos clientes, realizando tamén tarefas na área de produción.
- Un operario a xornada parcial para as operacións da actividade.

Formación necesaria e de interese:

- Manipulador de alimentos.
- Técnico de grado medio en panadería, repostería e confitería.

2.6. INVESTIMENTO INICIAL

Concepto	Importe
Edificacións	42.000
Equipamento e maquinaria	32.000
Equipamento de oficina e informático	3.600
Elementos de transporte	12.000
Total	89.600

2.7. DATOS DE MERCADO

Actualmente no contexto mundial, a produción ecolóxica representa un volume de negocio de 44.788 millóns de euros, mentres que no ano 2005 as vendas a nivel mundial situábanse arredor de 25.500 millóns de euros, o que ten representado un importante desenvolvemento deste subsector e as súas vendas. A demanda principal de produtos ecolóxicos provén dos Estados Unidos, a Unión Europea e Xapón.

O mercado europeo aglutina máis da metade das vendas mundiais de produtos ecolóxicos, concentrándose sobre todo en Alemaña, Italia, Reino Unido e Francia. A media europea de consumo de produtos ecolóxicos por habitante e ano está arredor dos 40 €.

No período que vai do 1 de abril de 2009 a 31 de marzo de 2010 cada español ten consumido 35,4 kgs. de produtos ecolóxicos, e gasta cerca de 29 euros. Os alimentos ecolóxicos representan un 1,9% sobre o gasto total en alimentación, ganando participación respecto ao período anterior (1,7%).

En Galicia a demanda de produtos ecolóxicos tense incrementado nos últimos anos. Así se ten incrementado no ano 2011 un 8% a superficie inscrita en agricultura ecolóxica, respecto do ano 2010, en Galicia.

No ano 2011 o número de operadores, inscritos no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, ten aumentado un 2,2% respecto do ano anterior. Na actualidade hai 586 operadores inscritos, dos cales 484 son produtores e 102 son elaboradores. Houbo un incremento de un 63% respecto ao censo de hai 10 anos.

2.7.1. COMPETENCIA

Interesa un posicionamento no mercado a través de produtos de calidade e a diferenciación cualitativa fronte aos produtos da competencia, a comercialización en circuitos curtos e restauración local, en contraposición ás producións baseadas na economía de escala.

A utilización de materias primas autóctonas (por exemplo, trigos país) tamén pode supoñer unha boa estratexia de diferenciación, ademais de ofrecer variedade de produtos (panadería e repostería), todos eles de calidade.

2.7.2. DEMANDA

Producións destinadas a unha demanda disposta a pagar prezos máis elevados a cambio de incorporar produtos naturais de gran calidade, e saudables. As vendas certificadas en ecolóxico téñense incrementado un 28% no ano 2011, respecto do ano anterior. Estas vendas, en Galicia, supoñen un volume de negocio de 21,5 millóns de euros aproximadamente.

2.8. NORMATIVA A TER EN CONTA

- Regulamento (CE) nº 889/2008 da Comisión, de 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.
- Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, de 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.
- Orde do 4 de febreiro de 2011 polo que se modifica o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia.

2.9. INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (BIC Galicia). Xunta de Galicia
www.bicgalicia.org

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). Xunta de Galicia
<http://agader.xunta.es/Inicio.do>

Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA)
www.craega.es

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia
www.xunta.es/medio-rural-e-do-mar

Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE)
www.agroecologia.net

Panadería O Agro
www.panaderiaoagro.com

*Guía de oportunidades de
empleo para a xuventude no
medio rural*

3

ELABORACIÓN DE MERMELADAS E CONSERVAS ECOLÓXICAS



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARINÁS-BETANZOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinasbetanzos.org/p/emprego.html

3.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

Esta actividade consiste no desenvolvemento de pequenas industrias de transformación para a elaboración de conservas vexetais, marmeladas, confituras e froitas en almíbar ecolóxicas. Os produtos elaborados teñen unha importante compoñente artesán e tradicional.

Esta iniciativa debe buscar a complementariedade con outras actividades, canalizando desta forma as producións de hortalizas e froita excedentaria, producida no marco da agricultura ecolóxica e principalmente aquela que non sexa apta para a súa comercialización debido ao seu tamaño e calibre.

3.2. SECTOR

Esta actividade enmarcaríase no sector da alimentación, e máis especificamente no da elaboración tradicional de alimentos ecolóxicos. Os rasgos diferenciadores de este subsector son:

- Elaboración de produtos sans, naturais, sen aditivos e tradicionais.
- Utilización de materias primas de primeira calidade e sometidas a un óptimo proceso de selección.
- Unha presentación coidada dos produtos, así como un proceso de elaboración que respecte ou imite os procesos naturais.
- Aínda que a produción ecolóxica está a incrementarse nos últimos anos, o número de elaboradores e transformadores de produtos hortofrutícolas en Galicia é bastante baixo; na actualidade tan só están inscritos nove elaboradores no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Posibilidade de artellar visitas agroturísticas.

3.3. MELLORAS AMBIENTAIS

A elaboración e transformación de produtos agroalimentarios, baixo o paraugas da Agricultura Ecolóxica, supón importantes melloras ambientais debido principalmente a:

- Producción agraria sen utilización de fitoquímicos.
- Recuperación de variedades hortofrutícolas locais, como estratexia de diferenciación.
- Utilización responsable do recurso auga, no proceso produtivo.
- Conservación e recuperación da paisaxe agraria.
- Uso de enerxías renovables.
- Revitalización do medio rural.

3.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Edificacións:** Local para oficina; zona de recepción, selección e acondicionamento das materias primas; sala de elaboración/manipulación, almacén, aseos e zona de descanso.

- **Equipamento e maquinaria:** Cámara de conservación, pasteurizador, homoxenizador, axitador, marmitas, autoclave, cubas de concentración, trituradora, esterilizador, etiquetadora, escaldadora, mesas de traballo para industria alimenticia, palas, cuchilos.
- **Material de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.
- **Elementos de transporte:** Furgoneta.

3.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Serán necesarios alomenos dous traballadores:

- Un responsable da xestión da empresa e atención aos clientes, realizando tamén tarefas na área de produción.
- Un operario a xornada parcial para as operacións da actividade.

Formación necesaria e de interese:

- Manipulador de alimentos.
- Elaborador de conservas vexetais.

3.6. INVESTIMENTO INICIAL

Concepto	Importe
Edificacións	47.000
Equipamento e maquinaria	22.000
Equipamento de oficina e informático	3.600
Elementos de transporte	12.000
Total	84.600

3.7. DATOS DE MERCADO

Actualmente no contexto mundial, a agricultura ecolóxica representa un volume de negocio de 44.788 millóns de euros, mentres que no ano 2005 as vendas a nivel mundial situábanse arredor de 25.500 millóns de euros, o que ten representado un importante desenvolvemento deste subsector e as súas vendas. A demanda principal de produtos ecolóxicos provén dos Estados Unidos, a Unión Europea e Xapón.

O mercado europeo aglutina máis da metade das vendas mundiais de produtos ecolóxicos, concentrándose sobre todo en Alemaña, Italia, Reino Unido e Francia. A media europea de consumo de produtos ecolóxicos por habitante e ano está arredor dos 40 €.

No período que vai do 1 de abril de 2009 a 31 de marzo de 2010 cada español ten consumido 35,4 kgs. de produtos ecolóxicos, e gasta cerca de 29 euros. Os alimentos ecolóxicos representan un 1,9% sobre o gasto total en alimentación, ganando participación respecto ao período anterior (1,7%).

En Galicia a demanda de produtos ecolóxicos tense incrementado nos últimos anos. Así se ten incrementado no ano 2011 un 8% a superficie inscrita en agricultura ecolóxica, respecto do ano 2010, en Galicia. No ano 2011 o número de operadores, inscritos no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, ten aumentado un 2,2% respecto do ano anterior. Na actualidade hai 586 operadores inscritos, dos cales 484 son produtores e 102 son elaboradores. Houbo un incremento de un 63% respecto ao censado de hai 10 anos.

3.7.1. COMPETENCIA

Interesa un posicionamento no mercado a través de produtos de calidade e a diferenciación cualitativa fronte aos produtos da competencia, a comercialización en canles curtas e restaurantes locais, en contraposición ás producións baseadas na economía de escala.

3.7.2. DEMANDA

Producións destinadas a unha demanda disposta a pagar prezos máis elevados a cambio de incorporar produtos naturais de gran calidade. As vendas certificadas en ecolóxico téñense incrementado un 28% no ano 2011, respecto do ano anterior. Estas vendas, en Galicia, supoñen un volume de negocio de 21,5 millóns de euros aproximadamente.

3.8. NORMATIVA A TER EN CONTA

- Regulamento (CE) nº 889/2008 da Comisión, de 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.
- Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, de 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.
- Orde do 4 de febreiro de 2011 polo que se modifica o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia.

3.9. INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA)

www.craega.es

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia

www.xunta.es/medio-rural-e-do-mar

Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE)

www.agroecologia.net

Daldea Pousadoira

www.pousadoira.com

Amorodo

www.amorodo.es

*Guía de oportunidades de
empleo para a xuventude no
medio rural*

4

COMERCIALIZACIÓN POLO MIÚDO DE PRODUCTOS ECOLÓXICOS



PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Empleo na
Xuventude
www.marinasbetanzos.org/p/emprego.html

4.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

Comercialización polo miúdo de produtos ecolóxicos :

- Produtos frescos: froitas e hortalizas, froitos secos, cereais, leguminosas, etc.
- Produtos transformados: pan, derivados lácteos, conservas, pastas, galletas, etc.
- Bebidas: viño, cervexa, zumes, etc; aceites e preparados de cociña vexetariana: toffu, tempé, etc.
- Produtos deshidratados: plantas medicinais, algas, froitas; e cosmética natural

4.2. SECTOR

A empresa enmarcaríase dentro do sector servizos agrarios .Os alimentos ecolóxicos ocupan un lugar preferente no ranking de confianza dos alimentos, onde comparten os primeiros lugares cos produtos con Denominación de Orixe (D. O.), as froitas e verduras e o leite. Cada vez é maior o número de consumidores que optan por unha alimentación máis san e libre de sustancias químicas, o que está impulsando a emerxencia de distintas formas de comercialización dos produtos ecolóxicos, dende a venda directa a postos de venda en feiras e mercados ou establecementos especializados, ata a creación de asociacións de consumo que xestionan en común o seu subministro, mediante o trato directo cos produtores.

A iniciativa prantexada está orientada a aproveitar esta oportunidade de negocio, mediante a creación dun servizo de intermediación consistente na adquisición e venda en tenda de produtos ecolóxicos, entre un grupo preestablecido de consumidores. O subministro de produtos require a existencia dun foro organizado a través dunha páxina web, dende a que non só ofertaríanse os produtos e se organizarán os pedidos, senón que, ademais, posibilitaría un contacto directo entre produtores e consumidores.

4.3. MELLORAS AMBIENTAIS

A comercialización de produtos agroalimentarios, baixo o paraugas da Agricultura Ecolóxica, supón importantes melloras ambientais debido principalmente a:

- Fomento da produción e consumo de produtos ecolóxicos.
- Mellora os canles de información entre produtores e consumidores ,creando un vínculo entre eles, favorecendo a fidelización da demanda.
- Maior implicación e participación social.

4.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Edificións:** : local para oficina, almacén e aseos como mínimo de 60 m², preferentemente ubicado en zona metropolitana.
- **Equipamento e maquinaria:** máquina rexistradora, balanza electrónica, expositor frío e a cámara frigorífica.
- **Material de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.
- **Elementos de transporte:** Furgoneta.

4.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Será necesario unha responsable da xestión administrativa do negocio e comercialización do produto.

Formación necesaria e de interese:

- Manipulador de alimentos.

4.6. INVESTIMENTO INICIAL

Se dispoñemos do local e non precisa realizar ningunha obra de acondicionamento a inversión a realizar é media que non supera os 30.000 E

Concepto	Importe
Equipamento e maquinaria	3.200
Equipamento de oficina e informático	3.600
Stock de produtos	9.200
Gastos de constitución (registro ,dereitos notariais,licencias....)	1.400
Furgoneta	12.000
Total	29.400

4.7. DATOS DE MERCADO

Actualmente no contexto mundial, a agricultura ecolóxica representa un volume de negocio de 44.788 millóns de euros, mentres que no ano 2005 as vendas a nivel mundial situábanse arredor de 25.500 millóns de euros, o que ten representado un importante desenvolvemento deste subsector e as súas vendas. A demanda principal de produtos ecolóxicos provén dos Estados Unidos, a Unión Europea e Xapón. O mercado europeo aglutina máis da metade das vendas mundiais de produtos ecolóxicos, concentrándose sobre todo en Alemaña, Italia, Reino Unido e Francia. A media europea de consumo de produtos ecolóxicos por habitante e ano está arredor dos 40 €.

No período que vai do 1 de abril de 2009 a 31 de marzo de 2010 cada español ten consumido 35,4 kgs. de produtos ecolóxicos, e gasta cerca de 29 euros. Os alimentos ecolóxicos representan un 1,9% sobre o gasto total en alimentación, ganando participación respecto ao período anterior (1,7%).

En Galicia a demanda de produtos ecolóxicos tense incrementado nos últimos anos. Así se ten incrementado no ano 2011 un 8% a superficie inscrita en agricultura ecolóxica, respecto do ano 2010, en Galicia. No ano 2011 o número de operadores, inscritos no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, ten aumentado un 2,2% respecto do ano anterior. Na actualidade hai 586 operadores inscritos, dos cales 484 son produtores e 102 son elaboradores. Houbo un incremento de un 63% respecto ao censado de hai 10 anos.

4.7.1. COMPETENCIA

Interesa un posicionamento no mercado a través de produtos de calidade e a diferenciación cualitativa fronte aos produtos da competencia, a comercialización en circuitos curtos e restaurantes locais, en contraposición ás producións baseadas na economía de escala.

Produccións destinadas a unha demanda disposta a pagar prezos máis elevados a cambio de incorporar produtos naturais de calidade.

As vendas certificadas en ecolóxico téñense incrementado un 28% no ano 2011, respecto do ano anterior. Estas vendas, en Galicia, supoñen un volume de negocio de 21,5 millóns de euros aproximadamente.

4.8. NORMATIVA A TER EN CONTA

- Regulamento (CE) nº 889/2008 da Comisión, de 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.
- Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, de 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.
- Orde do 4 de febreiro de 2011 polo que se modifica o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia.

4.9. INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA)

www.craega.es

Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria. Xunta de Galicia.

<http://economiaeindustria.xunta.es/portada>

Asociación Vida Sana

www.vidasana.org

Horta + sá

www.hortamaissa.es

La Aldea Biomarket

<http://laaldea-supermercadoecologico.com/web/index.php>

*Guía de oportunidades de
empleo para a xuventude no
medio rural*

5

EXPLOTACIÓN DE MAZÁ PARA ELABORACIÓN DE SIDRA ECOLÓXICA



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Empleo na
Xuventude
www.marinabetanzos.org/p/emplego.html

5.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

Producción e venda de mazá para elaboración de sidra ecolóxica.

5.2. SECTOR

Esta actividade hai que enmarcala no sector agrario. Na actualidade, Galicia é o maior produtor de mazá de sidra de España con 60 millóns de kgs, seguida por Asturias, con 35 millóns e País Vasco con 8 millóns. Estas tres comunidades son ademais as de maior, acadando os 75 millóns de litros de sidra anuais.

5.3. MELLORAS AMBIENTAIS

A produción de mazá en ecolóxico, supón importantes melloras ambientais debido principalmente a:

- Actividade agrícola que non presenta impactos ambientais negativos.
- Recuperación de variedades locais, como estratexia de diferenciación.
- Melloras ambientais e de saúde pública.
- Fixación da poboación rural por ser unha alternativa viable economicamente.

5.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Terreo:** requírese dun terreo agrícola dun mínimo de 30.000m².
- **Edificións:** nave de 250 m² para aloxar maquinaria, apeiros, produto.
- **Equipamento e maquinaria:** tractor froiteiro e desbrozadora.

5.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Para desenvolver a actividade sería suficiente co seguinte persoal:

- Unha persoa con coñecementos agrarios, preferiblemente en fruticultura.
- Unha cuadrilla eventual de 3 a 4 persoas para os traballos temporais de poda, arqueado e recolección dos froitos.

Formación necesaria e de interese:

- Carné básico de manipulador de produtos fitosanitarios.
- Inscripción no Rexistro de Produtores de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

5.6. INVERSIÓN INICIAL

Tendo en conta que se dispón do terreo e das edificacións a inversión inicial vai ser media-baixa que non supera os 40.000 €

Concepto	Importe
Entutorado	1.242,48
Desbroce, fresado e abonado de parcela	572
Planta maceiras (1400 uds)	10.584
Equipamento e maquinaria	20.124
Peche de finca (malla, estacas e arame)	1.921,67
Total	34.444,15

5.7. DATOS DE MERCADO

5.7.1. COMPETENCIA

O sector da produción de mazá para sidra non está profesionalizado, as explotacións existentes son pequenas, xeralmente familiares que teñen a explotación como segunda actividade.

As explotacións que contan con algo mais de superficie e están mais vinculadas ao sector están localizadas nos concellos de A Estrada e Chantada, onde existe certa tradición sidreira.

A produción que se obtén véndese por dúas vías:

- A intermediarios que a centralizan para enviar aos lagares asturianos.
- Á empresa Sidrería Galega, única empresa da comunidade autónoma adicada á elaboración de sidra, cunha produción anual de arredor de 1,5 millóns de litros da súa marca Manzanova.

Actualmente toda a produción de mazá para sidra é absorbida por estas dúas canles comerciais.

5.7.2. DEMANDA

A actividade sidreira en Galicia é unha cultura moi ancestral que ten continuidade nestes tempos. Existen asociacións como a Asociación Maceira e Sidra de A Estrada que impulsa esta actividade co obxecto de crear e potenciar unha nova actividade económica. A promoción da cultura da sidra para que volva a ser patrimonio galego pode ser un incentivo para o turismo e potenciar a creación de sidrerías visitables ou lugares para tapear, comer e poder degustar este produto.

5.8. CONDICIONANTES LEGAIS

- Regulamento (CE) Nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos polo que se deroga o Regulamento (CEE) Nº 2092/91.
- Orde 25 de abril do 1996, sobre protección e control das indicacións de produción agraria ecolóxica.
- Orden do 30 de novembro do 1998, pola que se regulan os Rexistros de operadores e o establecemento das normas de produción agraria ecolóxica e súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.
- Real Decreto 1852/1993 establece a nova regulación de agricultura ecolóxica baseada no Regulamento (CEE) 2092/91.
- Regulamento (CE) nº 889/2008 da Comisión, de 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.
- Orde do 4 de febreiro de 2011 polo que se modifica o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia.

5.9. INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo
www.cfeaguísamo.org

Sidra de A Estrada
<http://sidragallega.blogspot.com.es/>

Lagar de Ribela
<http://www.lagarderibela.aestrada.com/>

*Guía de oportunidades de
emplego para a xuventude no
medio rural*

6

XESTIÓN DE HORTOS URBÁNS



PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinasetanzos.org/p/emprego.html

6.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

Os servizos ofertados son o arrendamento de parcelas para o cultivo de produtos ecolóxicos, incluíndo o subministro de semente, planta, abonos, ferramentas, asesoramento técnico, mantemento da produción e outros servizos nas condicións que se establezan co cliente.

O terreo estará dividido en parcelas de entre 50 e 100 m², dotadas de rego, un almacén común para subministro e apeiros, así como unha zona de descanso e aseos.

6.2. SECTOR

Esta actividade enmárcase no sector agrario.

6.3. MELLORAS AMBIENTAIS

Melloras ambientais debido principalmente a:

- Produción agraria sen utilización de fitoquímicos.
- Recuperación de variedades hortofrutícolas locais.
- Utilización responsable do recurso auga.
- Conservación e recuperación da paisaxe agraria.
- Uso de enerxías renovables.
- Revitalización do medio rural.

6.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Terreo:** requírese a disposición dun terreo agrícola dun mínimo de 10.000 m². A localización territorial adecuada para este tipo de actividade son terreos agrícolas próximos a áreas metropolitanas. O terreo estará dividido en parcelas de entre 50 e 100 m², dotadas de rego, un almacén común para subministro e apeiros e unha zona de descanso e aseos.
- **Instalacións:** acceso por estrada, subministro de auga e luz, liña telefónica e ADSL.
- **Edificacións:** local para oficina, almacén, aseos e zona de descanso.
- **Equipamento e maquinaria:** tractor, motocultor, carretillas e apeiros de labranza.
- **Equipamento de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.
- **Elementos de transporte:** Furgoneta.

6.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Serán necesarios dous traballadores:

- Un emprendedor responsable da xestión da empresa e atención aos clientes.
- Un operario a xornada parcial para as operacións da actividade ,preferentemente que sexa un profesional na agricultura ecolóxica.

Formación necesaria e de interese:

- Carné básico de manipulador de produtos fitosanitarios.
- Estar inscrito no Rexistro de Produtores de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

6.6. INVESTIMENTO INICIAL

Si se dispón dos terreos, infraestruturas e insumos necesarios, débese realizar unha inversión media que non supera os 60.000€.

Concepto	Importe
Equipamento e maquinaria	23.820
Equipamento de oficina e informático	3.000
Elementos de transporte	12.000
Valado do recinto	12.000
Total	113.600

6.7. DATOS DE MERCADO

6.7.1. COMPETENCIA

Como estratexia de diferenciación competitiva e de promoción, os servizos ofertados irán dirixidos ao consumo responsable, saúde e formas alternativas de organización de grupos de consumidores (cooperativas de consumo).

6.7.2. DEMANDA

Cada día son máis as persoas que buscan un achegamento ao rural e aos produtos ecolóxicos, nutrición mais san, contacto coa natureza, etc.

6.8.

CONDICIONANTES LEGAIS

- Regulamento (CE) Nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos polo que se deroga o Regulamento (CEE) Nº 2092/91.
- Orde 25 de abril do 1996, sobre protección e control das indicacións de produción agraria ecolóxica.
- Orden do 30 de novembro do 1998, pola que se regulan os Rexistros de operadores e o establecemento das normas de produción agraria ecolóxica e súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.
- Real Decreto 1852/1993 establece a nova regulación de agricultura ecolóxica baseada no Regulamento (CEE) 2092/91.
- Regulamento (CE) nº 889/2008 da Comisión, de 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.
- Orde do 4 de febreiro de 2011 polo que se modifica o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia.

6.9.

INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Asociación Galega de Horticultura Urbana

<http://hortaurbana.info/>

Vida de Aldea

<http://www.vidadealdea.com/blog/>

Cultivalia

http://www.cultivalia.es/huertos_2783812.html

*Guía de oportunidades de
emprego para a xuventude no
medio rural*

7

INSTALACIÓN DE CALDEIRAS DE BIOMASA



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARÍNAS-BETANZOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinasbetanzos.org/p/emprego.html

7.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

- Instalación de caldeiras de biomasa.
- Servizos de mantemento de caldeiras de biomasa.

7.2. SECTOR

A empresa entra dentro do sector das enerxías alternativas. A biomasa é un combustible natural procedente de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. A biomasa forestal procede de sistemas forestais arborados e de residuos industriais de madeira. Galicia é a primeira rexión de España en canto a potencial de residuos forestais, existindo unha dispoñibilidade estimada de case un millón de toneladas por ano de biomasa forestal residual. As características climáticas, a distribución da poboación e a gran tradición e importancia das explotacións madeireiras reflicten un potencial considerable para este tipo de enerxía na nosa Comunidade.

7.3. MELLORAS AMBIENTAIS

- Reutilización de residuos orgánicos para biomasa destinada á produción de enerxía.
- Redución dos resgos de incendios forestais e pragas.
- Redución da contaminación atmosférica polo uso de calefacción e caldeiras de auga, a biomasa considerase unha enerxía limpa, reducíndose as emisións de CO₂ e gases de efecto invernadoiro.
- Redución da dependencia aos combustibles fósiles.

7.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Edificacións:** local para oficina de 20 m², con electricidade, auga, liña telefónica e ADSL. Para comezar a actividade e preferible facelo nun local alugado.
- **Equipamento e maquinaria :** ferramentas para a instalación de caldeiras.
- **Equipamento de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.
- **Elementos de transporte:** Furgoneta.

7.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

- Un emprendedor que teña realizado o Ciclo formativo de grao medio en montaxe e mantemento de instalacións de frío , climatización e produción de calor.
- Deberá solicitar o carné de instalador de calefacción e auga quente sanitaria, que se solicitará na Consellería de Economía e Industria.

7.6. INVERSIÓN INICIAL

Para un proxecto destas características debese realizar una inversión media-baixa que non supera os 17.000 €.

Concepto	Importe
Equipamento e maquinaria	500
Equipamento de oficina e informático	3.000
Elementos de transporte	12.000
Gastos de constitución (registro ,dereitos notariais....)	12.000
Total	16.500

7.7. DATOS DE MERCADO

7.7.1. COMPETENCIA

Actualmente existen en Galicia 39 empresas dedicadas a instalación de caldeiras de biomasa dentro das cales entran empresas que tamén ofertan outros servizos como instalación de caldeiras convencionais e instalación de enerxías renovables.

Para diferenciarnos da competencia informaremos aos clientes das vantaxes que ten o noso produto/servizo fronte aos da competencia:

- Baixo consumo que supón, así como o aforro económico que supón o emprego do pellet fronte aos combustibles fósiles.
- A biomasa é unha enerxía renovable, polo tanto inesgotable.
- O CO2 que emite é neutro.

7.7.2. DEMANDA

As instalacións hoteleiras e industriais son una parte relevante do potencial de negocio desta iniciativa, ao que haberá que engadirle o constituído pola calefacción doméstica.

Entre as varias opcións existentes actualmente no mercado (aparatos eléctricos, caldeiras de gasóleo, caldeiras de carbón, eta...), a mellor son as caldeiras de biomasa, tanto se miramos os custos de adquisición e instalación, como o gasto en combustible e as súas repercusións, tanto dende o punto de vista económico como ambiental.

7.8. CONDICIONANTES LEGAIS

- Real Decreto 1618/1980, do 4 de xullo (BOE Nº 188, de 6.8.1980).
- Regulamento de instalacións de calefacción, climatización e auga quente Sanitaria.
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edifícios.
- Real Decreto 1751/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edifícios (RITE) e súas Instrucións Técnicas Complementarias (ITE) crease a Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edifícios.
- Real Decreto 1218/2002, do 22 de novembro (BOE Nº 289, de 3.12.2002), polo que se modifica o Real Decreto 1751/1998, do 31 de Xulio, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edifícios súas Instrucións Técnicas Complementarias e se crea a Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edifícios.

7.9. INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Instituto Enerxético de Galicia (INEGA). Xunta de Galicia

www.inega.es

Galicia Ambiental

<http://www.galiciaambiental.net/energias.php>

Proxecto Enersilva

<http://enersilva.navegantes.info/avances.php>

Asociación Forestal de Galicia

<http://www.asociacionforestal.org/>

Centro Tecnolóxico Forestal de Cataluña

<http://www.ctfc.cat/>

*Guía de oportunidades de
emprego para a xuventude no
medio rural*

8

SERVIZOS DE CONSULTORÍA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinabetanzos.org/p/emprego.html

8.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

- Informes diagnósticos de posibilidades de producción enerxética e perdas de auga ou de enerxía en instalacións de electricidade, auga, gas ou refrixeración en plantas industriais ou en edificacións.
- Estratexias de optimización de consumos.

8.2. SECTOR

Esta iniciativa consiste na creación dun gabinete de consultaría especializado en auditar o uso da enerxía e auga en instalacións (sector primario ou secundario) ou en edificacións de elevado consumo de recursos, con fin de establecer un diagnóstico que lles permita recomendar a posta en marcha de sistemas de produción e de aforro, así como medidas adecuadas para reducir ditos consumos.

O aforro enerxético é tan importante para as empresas como para o conxunto da poboación. Se a redución do consumo da enerxía e do auga pode ofrecer marxees de beneficio para unha empresa, para unha familia, dita redución tradúcese en cartos aforrados que poden empregar para cubrir outras necesidades.

8.3. MELLORAS AMBIENTAIS

- Aforro de recursos básicos.
- Diminución das emisións globais á atmosfera derivadas do aforro enerxético.

8.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Edificacións:** oficina de 60 m² (durante os primeiros anos mellor arrendala), a ser posible que estea situada en zona metropolitana.
- **Elementos de transporte:** esta actividade non esixe realizar inversión algunha en vehículos a cargo da empresa.
- **Equipamento de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.

8.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

- Xerente: Enxeñeiro Superior/Técnico na rama Industrial ou Ciclo formativo de grado superior en electricidade e electrónica.
- Técnicos: Dous Enxeñeiros técnicos da rama industrial.
- Auxiliar Administrativo: Ciclo formativo de grado medio en Xestión Administrativa.

8.6. INVESTIMENTO INICIAL

Para un proxecto destas características débese realizar una inversión baixa que non supera os 6.000€.

Concepto	Importe
Equipamento e maquinaria	4.000
Equipamento de oficina e informático	1.200
Páxina web	700
Total	5.900

8.7. DATOS DE MERCADO

8.7.1. COMPETENCIA

Algunhas das empresas que ofrecen este tipo de servizos son empresas de Enerxías Renovables que aparte de facer os proxectos e as instalacións tamén realizan a servizo de auditoría de aforro enerxético.

En toda Galicia actualmente existen 51 empresas de recursos e enerxías naturais e 44 empresas de Reciclaxe e tratamento de augas.

8.7.2. DEMANDA

Este servizo levarase a cabo mediante licitacións e proxectos que serán tanto a nivel autonómico, como estatal e internacional.

Entre os clientes aos que irán dirixidos os servizos están a Administración pública, industrias, empresas de construción, parques eólicos, hortos solares, edificios comúns (residencias de estudantes, residencias de maiores), vivendas familiares en xeral.

9.8. NORMATIVA A TER EN CONTA

Non existe unha normativa específica para este tipo de empresas de consultoría.

IPSOM

www.ipsom.com

Creara

www.crea.es

Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

www.inega.es

Consellería de Economía e Idustria

<http://economiaeindustria.xunta.es>

*Guía de oportunidades de
emprego para a xuventude no
medio rural*

9

PRODUCCIÓN DE VERMICOMPOST



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinabetanzos.org/p/emprego.html

9.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

- Humus de miñoca, envasado para seu uso como fertilizante que pode empregarse en agricultura ecolóxica.
- Miñoca viva. para alimento de galiñas e outra aves, cebo para pesca, vermicultores familiares.

9.2. SECTOR

A empresa entraría dentro do sector gandeiro. A vermicultura é una técnica que consiste na transformación de materia orgánica en humus que realizan varias especies de miñocas. A *Eisenia foetida* coñecida como “miñoca roxa californiana” considérase a máis adecuada para este proceso por ser moi reprodutora e lonxeva. Estímase que unha miñoca deste tipo expulsa o 60% do peso inxerido dun alimento vexetal en forma de humus.

9.3. MELLORAS AMBIENTAIS

O vermicompostaxe permite o reciclado dos residuos orgánicos e a mellora da calidade dos solos onde se realiza o seu aporte.

9.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Terreo:** O terreo deberá estar localizado preferentemente en zona rural, próximo a algún punto de xeración de residuos. Para unha produción estimadas de 200.000kg/ano bastarían con 2.000 m² onde se instalaría o alpendre para o almacenaxe e venda do produto, a zona de recepción da materia orgánica a ser transformada; as camas das miñocas e a zona de almacenaxe e maduración do compós.
- **Edificacións:** alpendre de 100m² para almacenaxe do humus, local para oficina.
- **Instalacións:** acceso por estrada, subministro de auga e luz, liña telefónica e ADSL.
- **Equipamento e maquinaria:** criba motorizada, seladora, pé de cría, rego, carretilla, medidor de ph, termómetro, medidor de humidade, báscula, compostadores e outros (pala, rastrillo, etc.).
- **Equipamento de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.
- **Elementos de transporte:** para comezar esta actividade non esixe realizar inversión algunha en vehículos a cargo da empresa. Bastará co vehículo particular para realizar labores comerciais.

9.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Serán necesarios alomenos dous traballadores:

- Un emprendedor responsable do proceso, da xestión do negocio e da atención ao cliente e subministradores.

- Un operario a xornada parcial para as operacións da actividade (rego, cribado, enchido de bolsa..).

Formación necesaria e de interese:

- Coñecementos en vermicultura.

9.6. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Contando que se dispón do terreo, a inversión a realizar é alta sen superar os 50.000 E

Concepto	Importe
Edificacións	12.000
Equipamento e maquinaria	10.957,8
Miñocas xóvenes (6 núcleos de 150.000)	6.000
Impermeabilización do terreo	10.000
Equipamento de oficina e informático	3.000
Gastos de constitución (registro ,dereitos notariais,licencias....)	1.800
Total	43.757,8

9.7. DATOS DE MERCADO

9.7.1. COMPETENCIA

Na provincia da Coruña non existe ningunha empresa deste tipo e en toda Galicia hai tres, as tres concentradas na provincia ourensá.Estas empresas moven volumes máis grandes de produción que colocan totalmente en explotacións vinícolas e explotacións horticolas ecolóxicas ademais de outros clientes.

9.7.2. DEMANDA

Demanda de humus:

- Explotacións agrícolas ecolóxicas.
- Empresas de xardinería.
- Viveiros de planta tanto hortícola como ornamental.

Demanda de miñocas:

- Vermicultores domésticos.
- Pequenas explotacións agrícolas.
- Crías ecolóxicas de aves de curral.
- Carnada para pesca.
- Tendas de animais para alimento de mascotas.

9.8.

NORMATIVA A TER EN CONTA

- Lei estatal 8/2003, do 24 de abril, sobre sanidade animal.
- Real Decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeneral de Explotacións Gandeiras.
- Lei 19/1995, do 4 de Xulio, de modernización das explotacións agrarias.
- Regulamento (CE) nº 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro do 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) nº 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais).
- Regulamento (UE) nº 142/2011 de la Comisión, de 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, e a Directiva 97/78/CE do Consello en cuanto a determinadas mostras e unidades exentas dos controles veterinarios na fronteira en virtude da mesma.

9.9

INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Ecocelta

www.ecocelta.es

Asturhumus

www.asturhumus.net

Humusina

www.humusina.com

*Guía de oportunidades de
emprego para a xuventude no
medio rural*

10

SERVIZOS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA



PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinabetanzos.org/p/emprego.html

10.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

O servizo de axuda a domicilio ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, en aquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal:

- Atencións básicas da vida cotiá.
- Atencións ás necesidades de carácter doméstico.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.

10.2. SECTOR

O desenvolvemento do sector da dependencia supón una importante oportunidade para crear una actividade económica sostible e xerar emprego.

A pesar da crise os servizos sociais son dos poucos sectores que conseguiron manter un crecemento positivo do emprego. Entre o primeiro trimestre do 2008 e o primeiro trimestre do 2012, creáronse uns 110.000 postos de traballo, mentres que no mesmo período no conxunto da economía española perdéronse tres millóns.

10.3. MELLORAS AMBIENTAIS

- Mellora da calidade de vida das persoas en situación de dependencia.
- Indirectamente, mellora nos servizos sanitarios, as persoas con situacións de dependencia estarán atendidas por profesionais nos seus fogares, polo que se minimizarán as atencións sanitarias nos centros primarios.
- Fixación da poboación rural por ser unha alternativa viable economicamente.
- Pode ser un nicho de ocupación óptimo para colectivos con maiores dificultades de acceso ao emprego (persoas maiores de 50 anos, xente nova, mulleres).
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

10.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Edificacións:** local para oficina de 60 m² (durante os primeiros anos mellor arrendala), a ser posible que estea situada en zona metropolitana.
- **Equipamento de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.
- **Elementos de transporte:** esta actividade non esixe realizar inversión algunha en vehículos a cargo da empresa.

10.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

- A empresa que preste o servizo estará coordinada por un técnico encargado da xestión e coordinación. Deberá posuír como mínimo unha diplomatura universitaria na área de servizos sociais.
- O persoal que preste atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar.
- No caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente.

10.6. INVESTIMENTO INICIAL

Para un proxecto destas características débese realizar una inversión baixa que non supera os 5.000€.

Concepto	Importe
Equipamento de oficina e informático	3.000
Gastos de constitución (registro ,dereitos notariais...)	1.400
Total	4.400

10.7. DATOS DE MERCADO

10.7.1. COMPETENCIA

Actualmente nos concellos de Mariñas-Betanzos hai catro empresas que ofertan servizos de atención a dependencia no domicilio, dúas en Bergondo, unha en Cambre e outra en Culleredo.

10.7.2. DEMANDA

Actualmente en Galicia un 22% da poboación supera os 65 anos de idade,entre estas case 100.000 están en situación de dependencia recoñecida, segundo os ditamines resoltos favorablemente entre as solicitudes presentadas. O progresivo envellecemento da poboación, requirirá cada vez de maiores recursos e servizos especializados para atender a persoas en situación de dependencia.

As axudas que precisan estas persoas,a maiores das que lle podan prestar os familiares estímense en 7 ou mais horas no 58,8 % dos casos e de 3 ou mais horas no 90,2%.

10.8. NORMATIVA A TER EN CONTA

- Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 354/2003, do 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen seus requisitos.
- Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia e fíxanse súas ensinanzas mínimas.

10.9. INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Servizo Galego de Atención á Dependencia. Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia)
http://benestar.xunta.es/web/portal/dependencia/servizo-galego-de-atencion-e-dependencia?d_m=360

ASEM Galicia
www.asemgalicia.com

*Guía de oportunidades de
emprego para a xuventude no
medio rural*

11

XESTIÓN DE RESIDUOS FORESTAIS



PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinabetanzos.org/p/emprego.html

11.1. SERVICIOS/PRODUCTOS OFERTADOS

- Centro de transformación da biomasa con fins enerxéticos.
- O produto ofertado son lascas procedentes de restos forestais para seu uso como biomasa. A lasca é a madeira de pequeno espesor derivado da trituración da madeira virxe procedente de diferentes fontes: podas, manutención del bosque, etc., obtidos mecanicamente.

11.2. SECTOR

A actividade entraría dentro do sector forestal. Trátase de dispoñer dun espazo físico no cal ten entrada a biomasa forestal procedente de tratamentos silvícolas e madeiras non aproveitables pola industria, para a súa transformación mediante o triturado en combustible que poida ser empregado por equipos de xeración de enerxía (térmica ou eléctrica) de biomasa.

11.3. MELLORAS AMBIENTAIS

Este tipo de iniciativas supoñen moitas melloras tanto ambientais como sociais:

- A combustión da biomasa produce a mesma cantidade de CO₂ que antes consumiu, deixando ao sistema en equilibrio.
- A biomasa ten contidos en xofre practicamente nulos, as emisións de dióxido de xofre, que xunto cos óxidos de nitróxeno son as causantes da choiva ácida, son mínimas nos procesos de transformación de biomasa forestal en enerxía.
- O progresivo abandono das actividades silvícolas debido ao éxodo rural está a provocar un incremento da biomasa forestal e polo tanto o aumento dos incendios forestais. O aproveitamento de toda esta biomasa reduciría considerablemente estes incendios.
- Contribúe á creación de emprego no medio rural, beneficiando o desenvolvemento económico das zonas tradicionalmente deprimidas.
- Fomento dunha agricultura multifuncional e sostible.

11.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Terreo:** terreo de polo menos 10.000 m², con un bo acceso viario e preto de algún centro de consumo importante.
- **Edificacións:** nave aberta para o acopio dos diferentes tipos de biomasa de 500 m².
- **Equipamento e maquinaria:** pala cargadora para carga e manexo da biomasa, equipo de astelado, equipos para control de humidade, téxtiles de abrigo.
- **Equipamento de oficina e informático:** cadeira ergonómica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunción, teléfono.

11.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACIÓN

Serán necesarios dous traballadores:

- Un responsable da xestión da empresa e atención aos clientes, realizando tamén tarefas na área de produción.
- Un operario a xornada completa para as operacións da actividade, preferentemente un peón forestal.

Formación necesaria e de interese:

- Non é necesario dispor de cualificación específica algunha, sería interesante ter o ciclo formativo de grao medio de traballos forestais e conservación do medio natural ou ciclo formativo grao superior de xestión de recursos naturais e paisaxísticos.

11.6. INVESTIMENTO INICIAL

Tendo en conta que se dispón dun terreo apropiado de polo menos 10.000 m², a inversión a realizar é alta sen superar os 120.000 €. Hai que contemplar estratexias de inversión máis económicas que poden resultar adecuadas; maquinaria de 2ª man, reciclaxe de construcións existentes, etc., neste caso a inversión podía reducirse nun 50% aproximadamente.

No se contemplan instalacións de secado xa que a inversión é máis complexa e considerablemente superior, nun principio contemplase tan só secar a biomasa ao aire.

Concepto	Importe
Edificacións	30.000
Equipamento e maquinaria	80.000
Equipamento de oficina e informático	3.600
Total	113.600

11.7. DATOS DE MERCADO

11.7.1. COMPETENCIA

Non existe competencia neste tipo de actividade. Si existen iniciativas comunitarias como por exemplo as comunidades de montes de Pontearreas e Xinzo que empregan a biomasa forestal primaria para alimentar unha central de produción de calor que subministra calefacción e auga quente a un centro multiusos de 1400 m².

1.7.2. DEMANDA

Galicia conta cunha superficie forestal arborada do 48% da totalidade da Comunidade Autónoma, superando as 1.400.000 hectáreas e cunha alta produción de madeira, próxima ao 45% da produción nacional.

A explotación forestal en Galicia xera aproximadamente un millón de toneladas anuais de biomasa residual (restos de poda, ramas, follas, cortizas...). Esta materia tería enerxía suficiente para abastecer de calefacción a mais de 10.000 fogares galegos.

Partindo da idea de que o subministro de enerxía nun futuro, tende a ser unha enerxía ecolóxica, respectuosa co medio ambiente, económica e que poida ser subministrada por un produtor local, sendo independente das multinacionais de petróleo e gas, a instalacións de caldeiras de biomasa cada vez vai ser maior.

Entre os clientes potenciais de este servizo están as vivendas familiares, plantas de calefacción e auga quente en colexios, centros médicos, granxas agropecuarias, centrais de produción enerxética, etc.

11.8. NORMATIVA A TER EN CONTA

- Orden 472/2004, de 24 de febreiro, pola que se crea a Comisión Interministerial para o aproveitamento enerxético da biomasa.
- Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

11.9. INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia

www.xunta.es/medio-rural-e-do-mar

Astillas de Galicia

www.astigal.es

*Guía de oportunidades de
empleo para a xuventude no
medio rural*

12

SERVIZOS DE TURISMO ACTIVO DE NATUREZA



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na
Xuventude
www.marinabetanzos.org/p/emprego.html

12.1. SERVICIOS OFERTADOS

Esta actividade consiste na prestación de servizos de turismo de natureza, estando dirixida a persoas usuarias de turismo activo, ofrecendo servizos dirixidos a un amplo espectro de clientes, tanto aos que busquen experiencias extremas como máis moderadas.

Estes servizos están dirixidos a:

- Coñecer e interpretar os recursos naturais.
- Concienciar sobre a importancia da conservación ambiental.
- Desenvolvemento de actividades ao aire libre.
- Acadar melloras na saúde dos usuarios.
- Descubrir novas experiencias.

Entre os servizos e produtos ofertados están:

- Sendeirismo, escalada, bicicleta de montaña, descenso de barrancos.
- Paseos a caballo.
- Saídas en barco, buceo.
- Observación de aves, interpretación de patrimonio e da natureza.

12.2. SECTOR

Esta actividade enmarcaríase no sector do turismo, destacando ao turismo de natureza como un subsector emerxente.

O turismo de activo de natureza é actualmente un dos segmentos do sector turístico que presenta taxas de crecemento máis altas. Segundo datos da Secretaría de Turismo, nos últimos anos o turismo de natureza ten experimentado un incremento do 20% fronte ao débil crecemento do turismo convencional.

12.3. MELLORAS AMBIENTAIS

Esta actividade debe incidir en:

- Concienciar sobre a importancia da conservación ambiental.
- Minimizar a xeración residuos como resultado do seu desenvolvemento.
- Consumo responsable de auga.
- Animar as actividades de voluntariado ambiental.

12.4. MEDIOS MATERIAIS NECESARIOS

- **Edificaci3ns:** local para oficina, almac3n e aseos.
- **Equipamento:** bicicletas de montaa, material para escalada e descenso de barrancos, material para a pr3ctica do buceo, telescopio e prism3ticos.
- **Material de oficina e inform3tico:** cadeira ergon3mica, cadeiras, mesas, armarios, ordenador persoal, impresora multifunci3n, tel3fono.
- **Elementos de transporte:** furgoneta.

12.5. PERSOAL NECESARIO E CUALIFICACI3N

Ser3n necesarios alomenos dous traballadores:

- Un responsable da xesti3n da empresa e atenci3n aos clientes, realizando tam3n tarefas para o desenvolvemento das actividades.
- Un operario a xornada parcial para as operaci3ns da actividade.

Formaci3n necesaria e de interese:

- T3cnico Superior en Gu3a, Informaci3n e Asistencia Tur3sticas.
- T3cnico Superior en Animaci3n Tur3stica.

12.6. INVESTIMENTO INICIAL

Concepto	Importe
Edificaci3ns	20.000
Equipamento	10.500
Equipamento de oficina e inform3tico	3.600
Elementos de transporte	15.000
Total	49.100

12.7. DATOS DO MERCADO

A3nda que a crise segue azoutando as actividades ligadas ao turismo, segundo a EPA, no ano 2011 o n3mero de activos no sector tur3stico galego ascendeu a 125.963 persoas, un 0,4% m3is que no ano 2010.

O turismo ten representado un 9,6% dos activos totais da econom3a (1.311.225) e un 15,7% dos activos do sector servizos.

12.7.1. | COMPETENCIA

O desenvolvemento desta actividade está orientada a buscar a desestacionalización do turismo, á realización de actividades máis respectuosas co medioambiente e vivir experiencias ligadas á natureza.

Segundo a Guía de Actividade Empresarial do BIC Galicia, os volumes de facturación están comprendidos entre 6.000 – 20.000 euros (pequenas empresas) e 90.000 – 150.000 euros (resto de empresas).

12.7.2. | DEMANDA

- O contacto coa natureza, vivir experiencias intensas, a aventura e o descanso son as principais motivacións para os usuarios de servizos de turismo activo de natureza.
- A maioría dos usuarios de servizos de turismo activo de natureza están comprendidos entre os 20 e 30 anos.
- Os usuarios habituais destes servizos proceden, na súa maioría, das urbes galegas.
- O gasto medio por persoa e día, entre os usuarios destes servizos, está nos 100 euros.

12.8. | NORMATIVA A TER EN CONTA

- Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, polo que se refunden diversas ordes e decretos en materia de axencias de viaxe, guías de turismo e turismo activo.
- Decreto 82/1987, do 26 de marzo, polo que se crea o Rexistro de Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 9/1997, do 21 de agosto, sobre a obrigatoriedade ou voluntariedade de empresas para inscribirse no Rexistro de Empresas de Turismo Activo.

12.9. | INFORMACIÓN E ENLACES DE INTERESE

Secretaría Xeral de Turismo. Xunta de Galicia

<http://turismo.xunta.es/>

Instituto de Estudos Turísticos de Galicia

<http://www.ietgalicia.com/portal/index.php>

Turismo de Galicia (Turgalicia)

www.turgalicia.es



PROGRAMA INICIATIVA XOVE
Oportunidades de Emprego na Xuventude
www.marinabetanzos.org/p/emprego.html